



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/37	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	21 de outubro de 2019
Duración	Desde as 12:40 ata as 13:10 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***3446**	MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ	NON
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ: «Xustifica baixa por enfermidade.»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día





A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas en datas 7 e 14 de outubro de 2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar os borradores da actas da Xunta de Goberno Local realizadas os días 7 e 14 de outubro de 2019.

Expediente 5019/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 5019/2019.- Conceder á COMUNIDAD DE PROPIETARIOS EDIFICIO AV. DE ORENSE-103, con enderezo a efectos de notificacións en Avenida de Ourense 103-Cangas, titular do CIF: H-36418887, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo de núcleo urbano, regulado pola ordenanza URTA, instalar un ascensor e supresión de barreiras arquitectónicas en edificación existente en Avenida Ourense 103, referencia catastral X, de conformidade co proxecto de execución elaborado pola arquitecta M.T.F.I. de data novembro de 2018. Condicionada a formalizar ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende dieciseismil catrocentos euros (16.400€).

Expediente 3806/2019. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Expediente 3178/2018. Modificación de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3178/2018.- Outorgar a E. A. P., con enderezo en rúa Doctor Corbal X-Vigo, modificación da licenza de obras autorizada 08.10.2018 para rehabilitación e ampliación da vivenda sita na estrada Vilanova X- Hío, referencia catastral X, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J.L.D.G., de data de visado o 25 xuño de 2.019, e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos





núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a cento trinta e tres mil dezasete euros con oitenta e un euros (133.017,81 €).

Expediente 226/2019. Licenza municipal de primeira ocupación

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

EXPEDIENTE Nº 226/2019.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR A. F. F.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a A. F. Fi., con enderezo a efectos de notificación electrónica en [X](#), titular do DNI ***8096**, para demolición parcial e legalización de vivenda unifamiliar sita no referido lugar (referencia catastral X), visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 17 de outubro de 2019, e o informe favorable da xefa de servizo sobre o procedemento a seguir da mesma data.

Expediente 1942/2018. Rectificación de acordo de licenza de parcelación urbanística

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

De conformidade co previsto no art.172 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais formulo a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCION á Xunta de Goberno Local para CORRECCIÓN DE ERROS na redacción do acordo da licenza de parcelación outorgada en sesión 29/07/2019 no seguinte expediente de obras:

Detectado un erro na redacción do acordo tomado na Xunta de Goberno Local celebrada en data 29/07/2019, relativo ó expediente Nº 1942/2018.- no que se concede licenza de parcelación no sentido en que, no punto primeiro donde di “de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta C. A. N. de data marzo de 2018...”, debe dicir “*de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta C.A.N. de data marzo de 2018 e documentación complementaria de data xullo de 2018...*”

En relación ó punto segundo donde di “...a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ó Concello no prazo de un mes dende a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 142,60 m2...” debe dicir “*a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ó Concello no prazo de un mes dende a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 7,80 m2 ...*”

Ó amparo do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento





administrativo común das administración públicas, RESOLVO rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:

EXPEDIENTE Nº 1942/2018.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove J.B.H., titular do DNI ***6769**, con domicilio a efectos de notificacións en lugar La Garita,X- Rodeira- Cangas, consistente en parcelar unha finca inicial de 1.166,20 m2, referencia catastral X, en dúas parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta C. A. N. de data marzo de 2018 e documentación complementaria de data xullo de 2018.

Vistos os informes técnicos, proponse á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por J.B.H. para parcelar unha finca inicial de 1.166,20 m2, referencia catastral X , en tres parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta C.A.N. de data marzo de 2018 e documentación complementaria de data xullo de 2018, do cal resultan as seguintes parcelas netas ; parcela 1 de 629,30 m2 sobre a que existe unha edificación de uso residencial e dúas edificacións se secundarias, a parcela 2 de 529,10,m2 s, a parcela 3 de 7,80 m2 de cesión para ampliación do viario.

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación o división de terreos conlevará a obriga da cesión libre de cargas de los terrenos situados fora alineacións establecidas polo planeamiento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ó Concello no prazo de un mes dende a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 37,80 m2 e a inscrición de dita cesión no Rexistro da Propiedade a nome do Concello de Cangas. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto.

Expediente 2097/2019. Solicitude de devolución de aval

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Visto o informe da arquitecta técnica emitido o día 14.10.2019, referente a solicitude de devolución de aval, que é como segue:

"INFORME DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS

PRIMEIRO: En data 28 de marzo de 2019, ten entrada polo rexistro municipal, solicitude de devolución de aval bancario asinado por DARLIM con CIF B36612562 do Contrato de Suministro dun vehículo barredor para limpeza viariara (Expte. C-16/16).

SEGUNDO: En data 5 de Setembro de 2019 a Tesourería Municipal achega xustificante do aval constituido.

TERCEIRO: O responsable de limpeza viaria comprobou que a barredora non presenta





deficiencias.

Polo exposto, y en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía do 17 de xullo de 2019 sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local en materia económico-financiera, apartado 5.3, sométese a consideración da Xunta de Goberno que SE PROCEDA a devolución do aval constituído por DARLIM SL con NIF B36612562 por importe de dous mil catrocentos corenta e cinco euros con cinco céntimos (2.445,05 €).

INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de dous mil catrocentos corenta e cinco euros con cinco céntimos (2.445,05 €) depositado por DARLIM S.L.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

Expediente 2310/2018. Solicitud de devolución de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da xefa de urbanismo emitido o día 17.10.2019, referente a solicitude de devolución de aval, que é como segue:

"ANTECEDENTES:

*Primeiro: Con data de 16 de setembro de 2019, ten entrada polo rexistro electrónico municipal, núm. 12.516 solicitude de devolución de aval bancario, asinada por D.R.D., titular do DNI:***0756** como titular da solicitude de licenza de obra 24.134 (expediente núm. 24.915/X-2310/2018).*

Segundo: En Xunta do Goberno Local de data 4 de xuño de 2018 outorgouse licenza de primeira ocupación a D.R.D., (X-2310/2018).

Terceiro: En data 16 de setembro de 2019 a Tesourería Municipal emite informe no que di que consultada a contabilidade municipal a día de hoxe consta o ingreso da garantía a nome de D.R.D. por importe de seis mil novecentos trinta e seis euros con tres céntimos (6.936,03 €) co seguinte texto : 'AVAL ABANCA. EXPTE. OBRAS 24.915. A citada garantía figura polo tanto ingresada e pendente de devolución. Procederáse á súa devolución no momento en que sexa acordado polo órgano competente´.

Cuarto: Na data de 11 de outubro de 2019, o Inspector Municipal emite informe no que conclúe que 'Persoado no lugar de Lubrei considero realizada a urbanización do terreo cedido para espazo viario de cara a devolución do aval bancario en relación a licenza de obras 24.134, e logo de concederse a licenza de primeira ocupación en data 04.06.2018´.

LEXISLACIÓN APLICABLE





-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
-Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
-Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

ORGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente e a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019 sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

En base os fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro: Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de seis mil novecentos trinta e seis euros con 3 céntimos (6.936,03 €) depositado por D.R.D., no expediente de licenza de obra núm. 24.134 (Expte. 24.915 / X -2310/2018).

Segundo: Notificar este acordo ó interesado.

E para que conste, expido o presente informe sen perxuízo de calquera outro mellor fundado en Dereito".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

Expediente 4809/2018. Proposta da alcaldía s/Auto nº 163/2019 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra (PA Nº 232/2018) (X-18/14)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de alcaldía de data 17.10.2019, referente ao auto nº 163/2019 de data 14/10/2019 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra recaído no procedemento abreviado 232/2018 (x-18/14), que é como segue:

"Visto o contido do Auto nº 163/2019 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra de data 14/10/2019 recaído no procedemento abreviado 232/2018 instruído contra o Concello de Cangas a instancia de M.F.C. y Allianz Compañía de Seguros S.A. contra a desestimación por silencio, dunha reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial formulada con data 31.07.2017 polos danos no vehículo da primeira que estarían provocados por materiais proxectados durante traballos de desbroce realizados por operarios municipais, no que, tomando en consideración o acordo transaccional para poñer fin convencionalmente ao procedemento que no citado auto se sintetiza nos seguintes termos:





‘Ambas as partes alcanzaron un acordo transaccional que describen, a unha, en escrito asinado polas súas dúas representacións, datado o 09.10.19 que o citado auto sintetiza nos seguintes termos:

Que as demandadas (Concello de Cangas do Morrazo e Mapfre España S.A.) recoñecen o dereito das demandantes para percibir as seguintes cantidades:

- O Concello responderá ata o límite da franquía, como consecuencia do contrato de seguro subscrito coa entidade aseguradora MAPFRE, de xeito que abonará a M.F.C. a cantidade de trescentos euros (300 €);*
- O resto de cantidades reclamadas na demanda xa foron abonadas por MAPFRE.’*

Previa declaración de que este se acomoda ás esixencias do previsto no artigo 77.3 da Lei 29/98, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, dispuxo o seguinte:

‘O ARQUIVO DO PRESENTE PROCEDEMENTO (PA 232/2018) ao alcanzar as partes un acordo transaccional. Este acordo contempla os seguintes compromisos: O Concello de Cangas abonaralle a M.F.C. a cantidade de trescentos euros (300 €) na conta designada por ela (X). Notifíqueselle a presente resolución ás partes facéndolles saber que contra a mesma cabe interpoñer recurso de reposición no prazo dos 5 días seguintes ao da súa notificación e que para a súa admisión a trámite requirirase da constitución dun depósito de vinte e cinco euros (25 €) en efectivo en calquera sucursal de Banesto na Conta de Depósitos e Consignacións aberta a nome deste Xulgado (3597.0000.clave 20. nº de procedemento)’.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do Auto nº 163/2019 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra de data 14/10/2019 recaído no procedemento abreviado 232/2018 instruído contra o Concello de Cangas a instancia de M.F.C. y Allianz Compañía de Seguros S.A.

*Segundo.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de trescentos euros (300 €) a favor de M.F.C. con NIF ***1140** na conta designada por ela (X) con cargo ao vixente orzamento municipal.*

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Secretaría e Apoio Xurídico a fin de que procedan a tramitación e seguimento das obrigas contraídas no acordo transaccional obxecto de homologación polo amentado auto”.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 4089/2017. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento





Vista a información facilitada pola traballadora social dos Servizos Sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

Dar de baixa a T.A.M. con DNI ***5478** e expediente 36008/01/003151 - 4089/2017 do servizo de axuda no fogar libre concorrencia por cumprirse os obxetivos marcados no proxecto de SAF.

Data de efectos da baixa: 14/10/2019

Expediente 2177/2017. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

CONCEDERLLE a don A.C.B. con DNI.: ***6656**, con expediente 36008/01/002699 -49616, a ampliación do Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia, e de acordo ós seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custe do servizo total: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95€) (12'11€/hora)

Achega económica da persoa usuaria: cero euros (0,00€/mes)

Número de horas: 45 horas

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 21 de outubro de 2019

Expediente 6011/2019. Proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade s/bonificación da taxa nos obradoiros de lecer para persoas maiores (período 2019/2020)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 17.10.2019 da concellería de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade, referente á bonificación da taxa nos obradoiros de lecer para persoas maiores (período 2019/2020), que é como segue:





"Proposta de Bonificación da Taxa nos Obradoiros de Lecer para persoas maiores no período 2019/2020"

M^a Victoria Portas Mariño, Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade, Feminismo e Sanidade do Ilmo. Concello de Cangas,

PROPÓN

A Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:

A concesión de bonificación sobre a taxa establecida de trinta euros (30,00 €) para as 4 seguintes peticións recibidas durante o prazo de presentación das solicitudes do Programa de "Obradoiro e curso para persoas maiores no período 2019/2020", segundo o acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local.

Nº Rex. Entrada	Solicitante DNI	Ingresos IRPF-2018 e Outros non imputables	Renda per cápita mensual	Proposta de Resolución	Nº Obradoiros solicitados
12.269	***3434**	IRPF -2018: (conxunta): 17.217,25 €	717,39 €/mes	Bonificación do 66 % da taxa	2
12.270	***3016**	IRPF -2018: (conxunta): 17.217,25 € (Cónxuxe da solicitante nº 1)	717,39 €/mes	Bonificación do 66 % da taxa	2
12.566	***3377**	IRPF – 2018: 7.643,51 €	636,96 €/mes	Bonificación do 66 % da taxa	2
12.879	***9447**	Perceptora PNC: 240,29 €/mes + Pensión Argentina: uns 184,63 €/mes (oscila pola flutuación da moeda)	414,92 €/mes	Bonificación do 100% da taxa	1

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 5856/2019. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural s/ solicitude de subvención para a prórroga da contratación de axente de emprego e desenvolvemento local (exercicio 2019)

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentime nto
------------------	---

Vista a proposta de data 16.10.2019 da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural, referente á solicitude de subvención para a prórroga da contratación de axente de emprego e desenvolvemento local (exercicio 2019), que é como segue:





"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, EMPREGO, MAR E RURAL DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (TR351B 2019)

As directrices europeas sobre o emprego recollen a importancia da creación de postos de traballo a nivel local e bosquexan unha estratexia de implicación de toda a sociedade nese empeño.

Para que as administracións locais actúen como impulsoras da creación de emprego, creouse a figura subvencionada do/a axente de emprego e desenvolvemento local, para realizar tarefas de promoción de actividades, prospección de mercados, e asesoramento de proxectos de empresa.

Co motivo de incorporar esta figura á oferta de servizos municipais, creouse no ano 1.999 a Axencia de Desenvolvemento Local, configurándose como un centro de referencia a nivel local para a programación e planificación de accións formativas, asesoramento a persoas desempregadas, emprendedoras e empresas, estímulo do espírito emprendedor, e apoio á economía social e ao autoemprego.

Dende a súa creación, a Axencia de Desenvolvemento Local, ven desenvolvendo as súas tarefas con efectividade, sendo necesario o mantemento deste servizo.

Para dar continuidade ao mesmo, contando coa subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria, compre a solicitude dunha axuda, ao aveiro da Orde do 18 de setembro de 2019 da devandita Consellería.

Por todo isto, a Concelleira de Desenvolvemento Económico, Emprego, Mar e Rural, Sagrario Martínez Ferrari, propón á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- a) Solicitar subvención para a prórroga da contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2019, no ámbito da colaboración coas entidades locais, segundo se establece na Orde do 18 de setembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.*
- b) Comprometerse a incluír partida orzamentaria nos orzamentos xerais do vindeiro exercicio, na que figure unha cantidade que permita cubrir o importe correspondente á achega municipal para asumir os custos salariais anuais desta persoa, que se estima por importe de 27.638,05 Euros, segundo informe de custos laborais de data 14/10/2019 incorporado ao expediente".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 5317/2019. Proposta da alcaldía s/aprobación de bases do "III CERTAME DE CARROZAS PARTICIPANTES NA CABALGATA DE REIS 2019"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 15.10.2019 da alcaldía, referente á aprobación de bases do "III





CERTAME DE CARROZAS PARTICIPANTES NA CABALGATA DE REIS 2019", que é como segue:

"A aprobación das bases do III CERTAME DE CARROZAS PARTICIPANTES NA CABALGATA DE REIS 2019

BASES

PRIMEIRA.- Poderá participar calquera colectivo social, cultural, deportivo de Cangas que cumpra as presentes bases, debendo realizar a correspondente inscrición na Casa da Xuventude de Cangas ,cubriendo o formulario antes do 5 de decembro de 2019, entregando tamén un bocexo da carroza que presentan.

SEGUNDA.- Os/as participantes neste certame formarán parte do desfile de Reis 2020 que se realizará o 5 de xaneiro con lugar de saída e percorrido establecido polo Concello de Cangas, que velará polo cumprimento das normas de seguridade necesarias para este tipo de eventos, e que serán de obrigado cumprimento para todos/as os/as participantes. A estes efectos, por parte do Concello de Cangas realizarase unha inspección das carrozas participantes antes da hora de saída, reservándose o concello a posibilidades de autorizar ou non a presenza das mesmas.

TERCEIRA.- O Concello de Cangas concederá a todo os colectivos seleccionados, a cantidade de douscentos cincuenta euros (250 €) e un diploma en concepto de axuda ao material de elaboración, sempre que estas reflectan o traballo realizado, ata un máximo de 4 carrozas.

A maiores se concederá unha axuda de douscentos euros (200 €) a carroza que destaque pola súa orixinalidade, complexidade, materiais empregados, valor artístico e posta en escena.

CUARTA.- O tema artístico de cada Carroza será de libre elección e os seus elementos deben ser substancialmente diferentes ao ano anterior, no caso de ter participado. As carrozas terán as seguintes dimensións: altura máxima 4 metros dende o chan, 11 metros de longo e 3 de ancho.

QUINTA.- A Concellería de Cultura poderá decidir a non participación dalgunha das carrozas se considera que esta poida ser ofensiva ou de mal gusto en calquera medida na que afecte a filosofía da Cabalgata de Reis.

SEXTA.- En caso de que sexan máis de 4 o número de carrozas presentadas farase unha selección (en base o boceto presentado) por medio de xurado presidido polo Concelleiro de Cultura, segundo os seguintes criterios:

-Vistosidade

-Elaboración

-Temática

-Orixinalidade

-Ter participado en anos anteriores





Concello de Cangas

SÉTIMA.- O xurado estará composto polos membros seguintes:

- O Concelleiro de Cultura, ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.
- A Concelleira de Xuventude e Voluntariado, ou persoa en quen delegue.
- Os/as seguintes técnicos/as municipais:
 - A técnico da área de mocidade.
 - A técnica da área de voluntariado.
 - O técnico de cultura.

Actuará de secretario/a un/unha traballador/a municipal con voz e sen voto e que levantará acta dos acordos.

Este xurado será tamén o encargado de conceder a axuda prevista de douscentos euros (200 €).

OITAVA.- O fallo do xurado, que é inapelable, darase a coñecer, a través dos medios de comunicación e do taboleiro de anuncios do Concello de Cangas.

NOVENA.- O xurado do certame terá competencias para resolver as dúbidas ou calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

DÉCIMA.- A participación neste certame supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 5319/2019. Proposta da alcaldía s/aprobación de bases do "XX CERTAME DE BELÉNS CONCELLO DE CANGAS"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 15.10.2019 da alcaldía, referente á aprobación das bases do "XX CERTAME DE BELÉNS CONCELLO DE CANGAS", que é como segue:

*"A aprobación das bases do XX CERTAME DE BELÉNS CONCELLO DE CANGAS
Confeción de Beléns artesanais en dimensións reducidas*

Bases

PRIMEIRA.- Poderán concorrer a este concurso todas as persoas e os colectivos (escolares, culturais e sociais) de Cangas que o desexen.

SEGUNDA.- A inscrición deberá realizarse no formulario que poderase recoller na Casa da Xuventude ata o 13 de decembro.

TERCEIRA.- Os Beléns depositaranse na localización que lles asigne a organización os días 19 e 20 de decembro, para ser expostos ao público entre o 21 de decembro de 2019 e o 7 de xaneiro de 2020. A retirada dos beléns deberá realizarse necesariamente o 7 de xaneiro.

CUARTA.- O conxunto artístico do Belén deberá estar montado sobre un taboleiro de madeira ou superficie ríxida dun metro por cada lado (como máximo).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 5T7GTH9GJKL257QWVZJDM9JX | Corrección: http://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 de 20



QUINTA.- Os materiais e elementos que se utilicen para a confección do Belén serán libres.

SEXTA.- Concederanse os seguintes premios:

1º premio: Diploma e vale de compra por importe de cen euros (100 €).

2º premio: Diploma e vale de compra por importe de setenta euros (70€).

3º premio: Diploma e vale de compra por importe de corenta euros (40 €).

SÉTIMA.- O xurado estará composto polos membros seguintes:

- O Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.

- A Concelleira de Xuventude e Voluntariado, ou persoa en quen delegue.

- Os/as seguintes técnicos/as municipais:

- A técnico da área de Mocidade.

- A técnica da área de Voluntariado.

- O técnico de Cultura.

Actuará de secretario/a un/ha traballador/a municipal con voz e sen voto e que levantará acta dos acordos.

OITAVA.- O xurado valorará especialmente a confección das figuras presentadas, composición do conxunto, orixinalidade, unidade de estilo, grao de dificultade e execución. O xurado resérvase o dereito a rexeitar aqueles traballos que, ao seu xuízo, non acaden un mínimo de calidade artística, ou non teñan as dimensións establecidas.

O xurado poderá declarar deserto algúns ou todos os premios e poderá outorgar accésits se o considera oportuno.

NOVENA.- O fallo do xurado, que é inapelable, darase a coñecer o día 3 de xaneiro 2020, a través dos medios de comunicación e do taboleiro de anuncios do Concello de Cangas.

DÉCIMA.- O xurado do certame terá competencias para resolver as dúbidas ou calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

UNDÉCIMA.- A participación neste certame supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 5320/2019. Proposta da alcaldía s/aprobación de bases do "VIII CERTAME DE DECORACIÓN DE RÚA ´NADAL CON VIDA´"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 15.10.2019 da alcaldía, referente á aprobación das bases do "VIII CERTAME DE DECORACIÓN DE RÚA ´NADAL CON VIDA´", que é como segue:

"A Aprobación das bases do VIII CERTAME DE DECORACIÓN DE RÚA ´NADAL CON VIDA´"





BASES

O presente certame ten por obxecto que os nenos e nenas de Cangas participen activamente do Nadal e que coa súa participación enchan as rúas de color, imaxinación e creatividade, difundindo ilusión a tódolos veciños e veciñas do pobo.

PRIMEIRA.- Poderán concorrer ao certame todas aqueles grupos escolares que o desexen, sendo o ideal preparar a lo menos un adorno por aula.

SEGUNDA.- Todas as obras que se presenten teñen que ter incorporadas un sistema de suxeición para poder ser colgadas.

TERCEIRA.- Os obxectos de decoración poderán estar elaborados con calquera material, aínda que convidamos a que se empregue material de refugallo polas connotacións educativas e medio ambientais que aporta este.

CUARTA.- O prazo de admisión para a recepción dos traballos será do 9 ao 13 de decembro de 2019.

QUINTA.- As obras presentaranse debidamente embaladas, para que non se deterioreen, na Casa da Xuventude de Cangas.

SEXTA.- As obras serán expostas en Cangas a partires do día 23 de decembro ata o 8 de xaneiro . O lugar de exposición será notificado a cada centro escolar participante.

O Concello non se fai cargo do posible deterioro que estas sufran por motivos de factores ambientais ou de actos impropios da cidadanía.

SÉTIMA.- Xunto coas obras incluírase un sobre pechado onde figuren os seguintes datos: Nome do colexio, aula participante, titor ou responsable do grupo co seu contacto (teléfono e mail) e título da obra.

No caso de que sexa unha ANPA a que organice esta participación incluírá o nome do colexio, o nome da ANPA e os nomes dos nenos e nenas participantes.

É importante que o adorno non leve ningún identificador de centro ou aula, xa que de ser así quedaría desbotado do certame.

OITAVA.- Establécense as seguintes categorías nas que o xurado designará un/unha gañador/a por categoría.

- Infantil (3, 4 e 5 anos)*
- Grupo A de Primaria (6, 7, 8 anos)*
- Grupo B de Primaria (9, 10, 11 anos)*

O grupo gañador de cada categoría obterá un lote de libros ou de material de papelería valorado en cen euros (100 €) para a súa aula.

NOVENA.- O ditame do xurado, designado polo Concello de Cangas, darase a coñecer o 3 de xaneiro de 2020, e será publicado posteriormente na prensa local e a través das redes de





difusión municipais.

DÉCIMA.- O xurado estará composto polos membros seguintes:

- *O Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.*
- *A Concelleira de Xuventude e Voluntariado, ou persoa en quen delegue.*
- *Os/as seguintes técnicos/as municipais:*
 - *A técnico da área de Mocidade.*
 - *A técnica da área de Voluntariado.*
 - *O técnico de Cultura.*

Actuará de secretario/a un/unha traballador/a municipal con voz e sen voto e que levantará acta dos acordos.

UNDÉCIMA.- O premio pode ser declarado deserto.

DUODÉCIMA.- Os traballos presentados deberán retirarse da Casa da Xuventude entre os días 14 e 19 de xaneiro de 2020.

DÉCIMO TERCEIRA.- A participación nesta convocatoria leva implícita a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a inapelable decisión do xurado".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 5840/2019. Comunicación de xubilación de empregado municipal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 11.10.2019 da alcaldía, referente á xubilación de empregado municipal, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ESCRITO DE COMUNICACIÓN DE XUBILACIÓN DE EMPREGADO MUNICIPAL

*1. Visto o escrito con rexistro de entrada nº 14777, de data do 10 de outubro de 2019, presentado polo empregado municipal D. J.M.M.S., con DNI ***7737** no que expón que o día 10 de decembro de 2019 cumpre os requisitos para acceder a xubilación de acordo coa lexislación vixente e solicita a tramitación da documentación necesaria para proceder a xubilación ordinaria .*

*Primeiro.- Tomar coñecemento da xubilación do empregado municipal, D. J.M.M.S., con DNI ***7737***

Segundo.- Que polo Departamento de Persoal se proceda a tramitar a baixa laboral por xubilación ordinaria".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.





Expediente 5572/2019. Proposta da alcaldía referente a resolucións da Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao POS-2017 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Vista a proposta de data 17.10.2019 da alcaldía, referente ás resolucións da Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao POS-2017, que é como segue:

"A Deputación Provincial de Pontevedra por Resolución de Presidencia de data do 14 de outubro de 2019, resolveu a aceptación de desistencia e concesión de subvención por cambio de finalidade presentada polo Concello de Cangas de dúas actuacións que non se cosideraban prioritarias para o Concello (2017046320 – Rehabilitación da Casa dos Pobres en Darbo. 2019014176 – Pavimentación Rúa Atenas e Camiño Verín) e subvencionadas dentro do POS 2017, para as seguintes actuacións:

- *Substitución da iluminación existente no pavillón do Gatañal, por importe de corenta e oito mil cento cincuenta e oito euros (48.158,00 €) co IVE engadido.*
- *Substitución da iluminación existente no pavillón de San Roque por importe de corenta e seis mil cincocentos oitenta e cinco euros (46.585,00 €) co IVE engadido.*
- *Substitución da iluminación existente no pavillón de Romarigo, por importe de trinta e catro mil setecentos vinte e sete euros (34.727,00 €) co IVE engadido.*

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Dar conta das axudas concedidas:

- *Substitución da iluminación existente no pavillón do Gatañal, por importe de corenta e oito mil cento cincuenta e oito euros (48.158,00 €) co IVE engadido.*
- *Substitución da iluminación existente no pavillón de San Roque por importe de corenta e seis mil cincocentos oitenta e cinco euros (46.585,00 €) co IVE engadido.*
- *Substitución da iluminación existente no pavillón de Romarigo, por importe de trinta e catro mil setecentos vinte e sete euros (34.727,00 €) co IVE engadido.*

Segundo.- Que se inicien todos os trámites precisos para a licitación, execución e xustificación conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan Concellos 2017 (BOPPO nº 249-30/12/2016), que deberán estar executados e xustificados na súa totalidade o 30.11.2019 das seguintes actuacións:

- *Substitución da iluminación existente no pavillón do Gatañal, por importe de corenta e oito mil cento cincuenta e oito euros (48.158,00 €) co IVE engadido.*
- *Substitución da iluminación existente no pavillón de San Roque por importe de corenta e seis mil cincocentos oitenta e cinco euros (46.585,00 €) co IVE engadido.*
- *Substitución da iluminación existente no pavillón de Romarigo, por importe de trinta e catro mil setecentos vinte e sete euros (34.727,00 €) co IVE engadido.*





Terceiro.- Dar conta ao Pleno da solicitude formulada".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da alcaldía de comunicacións previas de obras e actividades

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte decreto da alcaldía número: 2019-1701 de data 16.10.2019, referente a toma de coñecemento das comunicacións previas de obras e actividades, que é como segue:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, ten por obxecto facer efectivo un espazo interior sen fronteiras no que afecta os servizos, procedendo a eliminar aquelas barreiras que obstaculicen o desenvolvemento de tales actividades de servizos entre os Estados Membros. A Directiva establece que tales actividades só poderán quedar supeditadas á obtención dunha autorización por parte das autoridades competentes no caso de que devandito acto cumpra cos criterios de non discriminación, necesidade e proporcionalidade. Así calquera restrición ao acceso ou á prestación de servizos no ámbito municipal ha de ser considerada como unha excepción á liberdade de acceso e prestación e, por conseguinte, ha de ampararse nos principios anteriores que han de ser aplicados a efectos de regular o réxime de intervención municipal.

Neste contexto normativo, debemos engadir que, no noso ámbito autonómico, a Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia e o Decreto 143/2016 de 22 de setembro de 2016 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento establece un réxime urbanístico no cal existen determinadas actuacións con relevancia territorial que están suxeitas como mínimo a comunicación previa, disposicións de obrigado respecto para as entidades locais desta Comunidade Autónoma.

A nivel competencial local, o decreto de 2 de xullo de 2015 delegou na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía 'A concesión ou denegación das licenzas urbanísticas e as súas modificacións, reservándose a Alcaldía o requerimento para a subsanación de deficiencias, ordes de execución e as resolucións de caducidade ou arquivo por calquera causa'.

Resultando que dentro da citada Resolución non se contempla o réxime das comunicacións previas introducidas pola lei do solo de Galicia 2/2016, de 10 de febreiro de 2016, como título habilitante de natureza urbanística regulándose o réxime de intervención municipal das mesmas nos artigos 360 e seguintes do Regulamento do lei do solo 143/2016, de 22 de setembro.





Considerando a toma de coñecemento pola Xunta de Goberno Local como un trámite informativo para os membros da Corporación Municipal amparado polo disposto no punto 8 da Resolución de Alcaldía citada.

Considerando a non constitución da Xunta de Goberno Local, e ata a constitución da mesma

RESOLVO

PRIMEIRO. Tomar coñecemento das comunicacións previas de obras presentadas nos seguintes expedientes

EXPEDIENTE	TITULAR	C.P
5038/2019	C.I.	Construción peche Gruncheiras
5095/2019	A.G.R.	Mellora ornato peche
5155/2019	A.S.M.	Reparación fachada
5166/2019	J.J.F.	Colocación caixa contador
5167/2019	I.R.	Reformas cuarto de baño
5175/2019	J.S.V.	Conservación muros
5223/2019	HOSTELERÍA CANGUESA S.L	Reforma aseo

SEGUNDO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local do Concello a efectos de que quede informado do seu contido".

Dación de conta de decreto da alcaldía s/solicitud de subvención (Prevención 2019-2022)

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte decreto da alcaldía número: 2019-1657 de data 10.10.2019, referente a solicitude de axuda á Consellería de Sanidade para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas, que é como segue:

"Número de expediente: 5621/2019

Asunto: Solicitude de axuda á Consellería de Sanidade, ao abeiro da Orde do 16.09.2019 para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos (SA463G).

Publicada a Orde do 16 de setembro de 2019 da Consellería de Sanidade pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria.

Cumprindo o Concello con todos os requisitos que se especifican na orde citada.

Visto que o Concello de Cangas leva desenvolvendo un proxecto de prevención de drogodependencias orientado ao fomento de estilos de vida saudables, desde o ano 1997, que se vai modificando e ampliando dependendo das necesidades e as avaliacións que se fan do mesmo dun xeito satisfactorio, tanto para o persoal traballador como para as persoas que





participan nel, redáctase polo técnico municipal proxecto de prevención de drogodependencias e condutas aditivas no eido municipal 2019/2022, a desenvolver entre o 1 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2022, cun orzamento total que ascende a cento vinte e cinco mil cento trece euros con vinte céntimos (125.113,20 €), para a realización dos seguintes programas e desglose:

- 1.-Prevención do consumo de drogas no ámbito educativo*
- 2.-Intervención socioeducativa no aula*
- 3.-Non pasa nada, pasa algo.*
- 4.-Máis que un teito*
- 5.-Entre todos*
- 6.-Noites de palangre*
- 7.-Cambio de sentido*
- 8.- Actividades transversais de información, sensibilización e formación*

**Orzamento: Gastos de persoal: 110.113,20 euros.*

**Outros gastos: 15.000,00 euros.*

- Monitores/as programas familiares curso 19/20: 3.000 euros.*
- Monitores/as programas familiares curso 20/21: 3.000 euros.*
- Monitores/as programas familiares curso 21/22: 3.000 euros.*
- Colaboracións (xornadas e obradoiros): 1.500,00 euros.*
- Materiais (funxibles, materiais obradoiros) 4.500 euros.*

E con base no artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta Alcaldía,

RESOLVE:

Primeiro.- Solicitar unha axuda á Consellería de Sanidade polo importe de cento dezaioito mil oitocentos cincuenta e sete euros con cincuenta e catro céntimos (118.857,54 €), para desenvolver o proxecto de prevención de drogodependencias e condutas aditivas no eido local 2019-2022, ao abeiro da Orde do 16.09.2019, para a realización dos seguintes programas:

- 1.- Prevención do consumo de drogas no ámbito educativo*
- 2.- Intervención socioeducativa no aula*
- 3.- Non pasa nada, pasa algo.*
- 4.- Máis que un teito*
- 5.- Entre todos*
- 6.- Noites de palangre*
- 7.- Cambio de sentido*
- 8.- Actividades transversais de información, sensibilización e formación.*

*Segundo.- Nomear como coordinador do proxecto e interlocutor coa Consellería de Sanidade, ao técnico municipal en prevención de drogas, A. C. I., con DNI nº ***0863**.*

Terceiro.- Declarar que para esta subvención non se solicitou nin foi concedida ningunha outra axuda de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Dar conta do seguinte Decreto, na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice".





Concello de Cangas

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 5T7GTK9G-KLK2S7QWWZ-JDM9JX | Corrección: <http://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 20